

NOVAS PONTES DE COMUNICACIÓN QUE TENDER

Xosé Rúas
Universidade de Vigo

1 INTRODUCCIÓN: O ÁMBITO DE EXERCICIO

Pasaron quince anos dende aquel "1º Encontro de Jornalistas do Norte de Portugal e da Galiza", celebrado no Centro de Formación de Jornalistas, en Porto, en decembro de 1987. Naquela xuntanza participaron preto de setenta xornalistas galegos e portugueses que, durante dous días, analizaron e reflexionaron sobre as situacións entón viventes entre ambos os países, no dominio dos respectivos ordenamentos xurídicos, e as condicións de traballo e emprego dos profesionais da información galaico-portugueses. Un encontro que tamén procurou afondar nas relacións e na solidariedade profesional entre os xornalistas galegos e portugueses.

E aínda que algunhas daquelas pretensións comúns aos xornalistas galegos e portugueses se cumpriron, como foi, no caso galego, a petición de constitución dun Colexio Profesional de Xornalistas, recentemente creado, varias das resolucións finais aprobadas nese encontro¹ están por acadar. Así acontece coa petición de sinatura dun convenio de amplo recoñecemento para os profesionais da información de ambos os países, co obxectivo do acceso destes ás fontes de información estatal e autonómica, da elaboración dun plan de bolsas de intercambio que posibilite as estancias dos xornalistas en medios de comunicación galegos e portugueses, ou mesmo a petición de cumprimento do dereito a non asinar ou impedir a publicación de textos "previamente mutilados ou outros que lle sejan atribuídos e que violenten os seus principios éticos e profesionais"².

1. "1 Encontro de Jornalistas do Norte de Portugal e da Galiza", en *Cadernos de Jornalismo*, n.º 5, xuño de 1988, Centro de Formación de Jornalistas, Porto.

2. Resolución 2 do "1 Encontro de Jornalistas do Norte de Portugal e da Galiza", *op. cit.*, pp. 57-58.

Pasados, tamén, trece anos en Portugal e dez en España do inicio dos respectivos procesos de democratización, os xornalistas galegos e portugueses preguntábanse, naquela primeira xuntanza de decembro de 1987, "qué sabemos nós dos xornalistas da Galiza e qué sabem eles de nós", e concluía un dos participantes³ que a lexislación portuguesa era entón moito máis avanzada que a española, os salarios dos xornalistas "relativamente máis elevados" en España que en Portugal, o nivel de sindicación "altísimo" en Portugal e "case cero" en Galicia e España, e, finalmente, a formación de base dos xornalistas era "superior" en España. Atopábanse entón "muitas coisas em común e muita distinção também" entre os xornalistas galegos e portugueses.

Tamén no mesmo encontro, outro dos participantes⁴ referíase á posíbel sensación de estranxeza, pola banda dos xornalistas portugueses, ante a falta de alusións á sindicación dos xornalistas galegos, lembrando a baixa afiliación sindical existente por aquel entón no exercicio da profesión en Galicia, e subliñando tres posíbeis razóns que o xustificaban: a gran cantidade de organizacións sindicais existentes, a concepción dos sindicatos do mundo da información como algo unitario e o tradicional individualismo dos profesionais.

Pois ben, quince anos despois daquel encontro, o certo é que Galicia achega máis elementos que facilitan a formación e profesionalización dos seus xornalistas, ao dispor dunha Facultade de Ciencias da Comunicación, en Santiago de Compostela, e unha Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación (este último engadido pendente da súa aprobación final pola Xunta de Galicia), no campus de Pontevedra, da Universidade de Vigo, que, dentro da súa titulación de Publicidade e Relacións Públicas, ofrece unha formación multidisciplinar nas súas áreas de "Comunicación Audiovisual e Publicidade" e "Xornalismo", válidas para o exercicio da comunicación, entendida esta nun senso amplo e integral, e que

3. Marcos, Luis Humberto: "Norte de Portugal e Galiza: a distancia de estar perto", *op. cit.*, p. 13.

4. Pérez Fernández, Luis: "Asociacionismo e colexiación profesional", *op. cit.*, p. 15.

está a incrementar o seu número de solicitudes de matrícula de alumnos procedentes do país veciño.

Tamén existe un Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, máis non un sindicato de xornalistas, unha posibilidade recentemente discutida nunha xuntanza do CPXG, pero que, até o de agora, segue a ter escasa relevancia dentro das distintas seccións dos tres sindicatos maioritarios en Galicia, quizais polo interese deles mesmos en obter un tratamento informativo favorábel.

Sobre as condicións laborais dos preto de dous mil xornalistas que habitualmente se dedican a elaborar información en Galicia, cómpre salientar que un de cada dous xornalistas galegos traballa en Santiago de Compostela, polo que calquera tendencia virá marcada por este feito, tendo en conta ademais que as cidades de Santiago, A Coruña e Vigo concentran oito de cada dez informadores galegos.

Concretamente, na última enquisa realizada ao respecto⁵, amósase que dos trescentos xornalistas galegos entrevistados, corenta e un traballaban na televisión en Santiago de Compostela e trinta e nove en prensa na cidade da Coruña. Ou para entendérmolos: que máis da cuarta parte da mostra utilizada para este estudo dependía da situación laboral descrita polos traballadores da CRTVG e de *La Voz de Galicia*. De aí a indicación dos responsábeis da enquisa de que a mostra reproducía de xeito proporcional o que acontecía na poboación estudada. Unha mostra onde, en resúmidas contas, o 60 por cento dos enquisados (180 suxeitos) traballaban nunha única provincia: A Coruña.

Pero, cuestións metodolóxicas á parte, o certo é que o informe concluía que só un 58 por cento dos enquisados estaba contratado como fixo e, do 42 por cento de xornalistas restantes, un 32,7 por cento estaban contratados de forma temporal e un 9,3 por cento aseguraba non ter contrato. Datos aos que tamén habería que engadirlle o feito de que a media se situaba nunha xornada

5. Tüñez, Miguel e López, Xosé (coord.): *Condicións laborais e actitudes profesionais nos medios de comunicación*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2000.

laboral de 8,4 horas diarias de traballo e 23 días traballados no mes, cun salario que non superaba os novecentos euros brutos.

Ademais, seis de cada dez xornalistas galegos enquisados declaraban non ter hora de entrada e saída, entre eles, os contratados a través de empresas de traballo temporal, con contratos artísticos, por obra ou de prácticas.

En consecuencia, a cualificación que os xornalistas enquisados entendían como máis axeitada para describir a súa situación era a de "precariedade", cun nivel de satisfacción coa paga recibida que en xeral era baixo, menos de cinco puntos nunha escala de 1 a 10.

O exercicio dunha profesión que, á marxe das posíbeis gratificacións persoais, non compensa en calidade de vida, algo que quizais tamén teña o seu reflexo no feito de que a media de idade dos xornalistas que traballan en Galicia é de trinta e dous anos. Rapaces novos que enchen as facultades e demandan emprego nos medios de comunicación galegos mentres os de máis idade contemplan, probablemente (falamos polo tanto dunha suposición, a falta de datos que o corroboren), o cambio ou abandono da profesión coma un camiño cara á súa estabilidade laboral e mesmo emocional.

Cantos dos profesionais da información galegos non pensaron ou seguen a pensar en cambiar de choio ou vivir cando menos ao amparo dun bo gabinete de prensa? Constitúe, polo tanto, todo o reflectido anteriormente un sobrado motivo para isto?

Pode que esteamos ante a pregunta do millón, á que dalgún xeito, antes ou despois, haberá que darlle resposta, para descubrir se aínda perdura aquela imaxe, tantas veces descrita na literatura e levada ao cine, de xornalistas bohemios cun mísero soldo que remataban as súas xornadas na barra dun bar.

No caso español, algunha das análises feitas até o de agora tamén coinciden en sinalar que o xornalismo é unha profesión que absorbe gran parte do tempo e da vida dos seus protagonistas, facendo do tempo unha categoría continua e fragmentaria. Continua porque o tempo do xornalista acaba sendo un só -o do seu oficio- e fragmentaria porque ese tempo experimentase ligado ao instante, á continxencia do presente dunha profesión difícil de

exercer dentro dun marco de horarios definidos⁶. Unha profesión voraz que lles esixe ás súas vítimas que poñan toda a súa enerxía á súa disposición e que atrapa á persoa na súa totalidade⁷.

Mais os xornalistas galegos están sometidos á presión engadida dunha competencia entre medios alentada, ao meu entender, pola existencia de demasiadas cabeceiras na nosa comunidade autónoma para tan poucos lectores⁸, o que fai da subvención unha verdadeira cultura empresarial, ante unha situación da empresa familiar de prensa en Galicia que pon en evidencia "a importancia das relacións familiares e as súas distintas vinculacións de unión por riba da propia actividade económica e industrial", configurando "un cadro económico, laboral e psicolóxico moito máis complexo e difícil de xestionar e liderar a través das distintas ramas xeracionais"⁹.

De feito, cantas foron as empresas xornalísticas familiares galegas que non sufriron unha forte crise na súa terceira ou sucesivas xeracións, superándoa, nalgúns casos, mediante a aceptación de capital foráneo no seu accionariado?¹⁰.

E o actual panorama amosou, até o de agora, a incapacidade do sistema de medios impresos en Galicia de ofrecer modelos alternativos, fracasando os actores sociais que tentaron promover unha vía diferente. A razón? Algunhas das explicacións máis recentes¹¹ sinalan a busca de resultados a curto prazo, esquecendo as estratexias a medio e longo prazo, e a falta de medidas significati-

6. Ortega, Félix e Humanes, Luisa: *Algo más que periodistas. Sociología de una profesión*, Ariel, Barcelona, 2000.

7. Coser, L.A.: *Las instituciones voraces*, FCE, México, 1978.

8. Sobre o relativo peso da publicidade en Galicia xa existe algunha análise: Pena, Alberto e Fandiño, Xaime: "A publicidade", en *A comunicación en Galicia 2002*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2002.

9. Campos, Francisco: "O novo mapa dos grupos de comunicación no século XXI", en *A comunicación en Galicia 2002*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2002, pp. 29-30.

10. Caso, por exemplo, de *Faro de Vigo*, que rematou coa venda ao grupo Moll, de Prensa Ibérica.

11. López, Xosé: "A prensa ensaia cambios nos contidos e novas estratexias para evitar a perda de lectores", en *A comunicación en Galicia 2002*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2002, p. 49.

vas de reestruturación industrial para cambiar o modelo xornalístico dos produtos ou para buscar novos públicos.

Neste senso, aínda está por ver o resultado da alianza entre os grupos editores de *El Correo Gallego* e *El Mundo* ou da merca de dúas cabeceiras portuguesas por *Faro de Vigo*.

En todo caso, ao fío deste último exemplo "transfronteirizo" (as aspas non son gratuítas, pois a comunicación en si mesma é, por vocación, transfronteiriza e tendencialmente universal¹²), cómpre salientar que, á parte das múltiples achegas feitas nos últimos anos no estudo da comunicación galaico-portuguesa¹³, tan só se amosou a existencia dun sostido fluxo comunicacional entre Galicia e Portugal no eido audiovisual, froito da colaboración entre a RTP e a TVG na coprodución de programas e algún filme e dos intereses da galega por engadir recursos tecnolóxicos e humanos para a mellor cobertura do espazo portugués¹⁴.

Mais entre a prensa española e portuguesa existen diferenzas tanto de dimensión coma de influencia, debido ao marcado localismo da segunda, que se pode comprobar no feito de que o xornal portugués máis vendido, o *Journal de Notícias*, teña unha tiraxe inferior á dos líderes da prensa rexional española.

E se facemos a comparación entre a prensa galega e portuguesa, atoparémonos con que na súa tiraxe, circulación, vendas e índice de lectura, a primeira sitúase por riba da segunda, tendo ademais en conta que, no caso portugués, a periodicidade tamén é distinta, ao estar presidida por un gran número de publicacións semanais (máis dun centenar de publicacións dende Porto até

12. Unha reflexión a este respecto pódese atopar en Fernández Areal, Manuel: "Que se entende por comunicación transfronteiriza?", en López Mira, Álvaro Xosé (dir.), *Galicia e Portugal: A fronteira esvaída*, Deputación Provincial de Ourense, 2002.

13. Incluindo as realizadas dende Portugal, coma é o caso de Aróns de Carvalho, Alberto: "A comunicación social portuguesa na esfera transfronteiriza", en *A comunicación social transfronteiriza, II Seminario Europeo de Comunicación Social*, Pontevedra, 2000.

14. Sobre as distintas iniciativas e proxectos comúns da TVG no país veciño pódese ver Campos, Francisco: "Un espazo transfronteirizo de comunicación entre Galicia e o Norte de Portugal", en *Galicia e Portugal: A fronteira esvaída*, op. cit., p. 193 e ss.

Valença) que enchen os quioscos da Região Norte, sen contar cos boletíns editados polas numerosas Cármaras Municipais existentes no norte de Portugal.

2 ALGUNHAS ACHEGAS A UNHA REALIDADE
COMPARTIDA NO SUR DE GALICIA

a) Chaves, Valença e a sección "Actualidade Portuguesa" en *La Región* e *Atlántico Diario*

Tanto *La Región*, o xornal de Ourense, como *Atlántico Diario*, en Vigo, amosan nas súas páxinas unha realidade compartida, o primeiro entre a localidade ourensá de Verín e a portuguesa de Chaves, a través da localidade de Feces, e o segundo entre Valença e Tui.

Ademais, ambos os xornais comparten, dende o pasado 14 de abril do presente ano, a publicación dunha sección común denominada "Actualidade Portuguesa", asinada polo xornalista Rodrigo Varela que, cada domingo, fai un repaso semanal pola actualidade máis salientábel do país veciño, non só das localidades referidas, senón de calquera aspecto referido a Portugal susceptíbel de acadar o interese dos lectores do sur de Galicia.

Esta iniciativa xurdiu, segundo Alfonso Sánchez Izquierdo¹⁵, como resposta á seguinte pregunta: "Como é posíbel -comentaba o responsábel de ambos os xornais- que a prensa do sur de Galicia non lle prestase a menor atención a unha realidade que está a cincuenta quilómetros de nós e en cambio para saber qué pasa preto de nós teñamos que informarnos pola prensa de Madrid, a cincocentos quilómetros de distancia?". "É necesario curtocircuitar esa resignación", concluíu o responsábel de ambos os xornais.

Mesmo nun plano estritamente político (por non falar do económico, social e cultural), ambos os medios de comunicación tiñan moi presente, por exemplo, que aos alcaldes de Chaves e Valença estaban sumamente interesados polo labor dos seus homólogos de Verín e Tui, e viceversa. Iso sen ter en conta, baixo unha perspectiva máis ampla, que parte dos ministros dos sucesivos

15. Declaracións do director de *La Región* e conselleiro-delegado de *Atlántico Diario*.

governos portugueses son do norte do país, co cal o seu interese político aínda é maior para os medios galegos.

Neste senso, dende os seus inicios como sección fixa común para os dous xornais, con "Actualidade Portuguesa" Rodrigo Varela foi debullando pequenos resumos semanais de actualidade, mostrados de forma temática ou por datas, así como temas monográficos de interese, publicados en forma de comentario.

Deste xeito, incluso con motivo da derrota da selección nacional portuguesa fronte á de USA no recente Mundial de Fútbol de Corea, o cronista comentou¹⁶ que "el Mundial abate a Portugal (...) hasta el presidente de la República, Jorge Sampaio, tuvo que intervenir para calmar tanta desolación en el país vecino". Rodrigo Varela mesmo reproduciu un comentario do correspondente portugués do diario *Público* en Corea, facendo a seguinte comparación: "um gato, quando é enganado por um rato, não se põe com subterfugios; ergue-se, levanta a cabeça e prepara umha nova ofensiva. Mas um gato é um gato e un rato é um rato", remataba, intercalando declaracións literais en portugués co castelán empregado nas súas crónicas.

Pero o xornalista galego tamén fai referencia nas súas crónicas a aspectos tan distintos como a celebración da II Feira Internacional da Cereja¹⁷ e congresos gastronómicos como o da localidade portuguesa de Fafe¹⁸, unha vila situada nas inmediacións de Guimarães, localidade da que ademais fala nunha reportaxe¹⁹, para informar aos lectores que "nos enteramos de que una cosa es la ZTG (Zona de Turismo de Guimarães) y otra la RTVM (Região de Turismo do Verde Minho) y mientras la segunda pretende englobar a la primeira, en Guimarães no están mucho por la labor".

Rodrigo Varela dedícalle, así mesmo, especial atención na súa sección ao desenvolvemento da actividade empresarial e á súa presenza en ambos os países, facéndose eco, en ocasións, de noti-

16. *La Región*, 9 de xuño do 2002, p. 36.

17. *La Región*, 1 de xullo do 2002, p. 34.

18. *La Región*, 26 de xuño do 2002, p. 32.

19. "Guimarães: ciudad de la Humanidad", publicado en *La Región*, 9 de xuño, p. 36.

cias publicadas nos xornais portugueses, como ocorre cunha publicada no *Diário de Notícias*, aludindo ao incremento da presenza hoteleira de empresas españolas en Portugal²⁰.

Á parte de aspectos de interese nacional, rexional ou local, *La Región e Atlántico* tamén reproducen nesta sección, con periódica frecuencia, informacións de interese común para Galicia e Portugal, sobre todo en aspectos relacionados co transporte e as comunicacións.

Así acontece, por exemplo, cunha crónica desta sección dominical referida á "torre Eiffel tombada", en alusión á ponte de ferro que comunica a vella fronteira de Tui con Portugal, para indicar que "gobernantes de España y Portugal no pensaban que el viejo puente quedaría obsoleto"²¹, e tamén se fai eco dunhas declaracións do secretario de Estado para Obras Públicas de Portugal, Vieira de Castro, indicando que "queremos máis estradas", para falar das comunicacións entre os dous países a través da autoestrada A-3, que une Porto con Valença; ou para referirse a un tema de moita actualidade e interese para Galicia e Portugal, como son as conexións por ferrocarril, nas que Rodrigo Varela xoga coas distincións entre Alta Velocidade e Velocidade Alta, ás que tan acostumbrados estamos na Galicia do "tren bala" do presidente da Xunta, Manuel Fraga, para indicar, non sen certa ironía, que "aquí (en Portugal) se conforman con hablar de trenes de gran velocidad".

A mesma ironía que o cronista emprega noutra crónica²² indicando que "la sociedad lusa desconfía de la ejecución de las obras del AVE que unirá Porto con Vigo": "El caso es que el tren salga de la estación" foi o título escollido neste caso polo cronista, tomando como referencia unhas declaracións da ministra portuguesa de Finanzas, Manuela Ferreira Leite, sobre a mala situación económica que está a atravesar o país veciño, para indicar que en Portugal "no quieren que el TAV llegue a Vigo antes de que salga de Porto", pois "en España ya corre antes de ser construido". "Lo

20. *La Región*, 7 de xullo do 2002, p. 38.

21. *La Región*, 23 de xuño do 2002, p. 34.

22. *La Región*, 14 de abril do 2002, p. 35.

que quieren los portugueses es que (el tren) salga algún día", concluía a crónica.

Ambos os xornais galegos tamén fixeron referencia nas súas páxinas, neste mesmo senso, a declaracións realizadas, por exemplo, polo ministro de Obras Públicas de Portugal, Valente de Oliveira, reiterando o seu apoio á mellora das comunicacións por vía férrea entre Galicia e o Norte de Portugal mediante un tren capaz de percorrer douscentos quilómetros en menos de tres cuartos de hora²³.

Mesmo acontecementos recentes, como foi o regreso ás aulas dos alumnos, foron aproveitados polo cronista para comparar os tres mil alumnos menos cos que se iniciou o presente curso escolar en Galicia, fronte aos vinte mil que en Portugal "desapareceron" das aulas en tan só tres anos²⁴.

Á parte de todas as referencias xornalísticas contidas nesta sección específica dentro de ambos os diarios do sur de Galicia, tamén están as informacións que diariamente achegan os distintos correspondentes de *La Región* e *Atlántico* en Verín, Xinzo, Celanova, pola beira española, e Chaves e Valença, pola banda de Portugal.

Concretamente, destacan, no último ano, as diversas informacións referidas á convocatoria de eleccións municipais en Portugal²⁵, subliñando, xa en portada, que "La raia dio la espalda al socialismo luso y contribuyó a la caída de Antonio Guterres", e engade, na noticia desenvolvida no interior do xornal, que o Partido Socialista "perdió enclaves emblemáticos" do Norte de Portugal.

Con respecto á localidade portuguesa de Valença, son habituais as informacións referidas aos atascos provocados os días festivos en Portugal ou Galicia, nos accesos de entrada e saída, e que

23. Este tipo de declaracións relacionadas con obras de infraestruturas ou proxectos comúns doutra índole tamén son moi habituais en ambos os xornais, referidas ao Eixo Atlántico, tendo ademais en conta, dende o punto de vista informativo, que a presidencia temporal deste organismo tamén lles corresponde aos rexedores de Ourense e Vigo, dado o seu carácter rotatorio.

24. *La Región*, 15 de setembro do 2002, p. 30.

25. *La Región*, 18 de decembro do 2001, portada.

reflecten o gran dinamismo comercial existente entre as localidades transfronteirizas, e mesmo entre Porto e Vigo.

Neste senso, tamén son moi frecuentes tanto en *La Región* como *Atlántico* as informacións referidas ás feiras e mercados, e incluso sobre a "afección dos portugueses a saír de compras" e "pasar o día fora", facendo referencia, por exemplo, ao mercadiño de "velharias", en Valença, "por donde vigueses, ourensanos y portugueses confraternizan"²⁶.

Pero tamén as noticias en portada do país veciño mereceron algunha portada do xornal *La Región* no presente ano, como foi o caso, por exemplo, do suceso dunha "disputa a tiros en el centro de Chaves por la tutela de un niño"²⁷.

Con respecto á localidade de Chaves, son frecuentes as informacións que fan referencia ás feiras de mostras e exposicións, como a "Feira de mostras de actividades empresarias" (Expoflavia)²⁸, ou as noticias sobre as sucesivas edicións das mostras de produtos locais do Alto Tâmega, que na súa edición do pasado ano reuniu a máis dun centenar de expositores portugueses e galegos²⁹. Noticias, moitas delas, que pola súa periodicidade, volume e intereses comercial ou empresarial foron incluídas dentro de suplementos especiais dos dous xornais galegos.

Unha actividade empresarial que nunca pasa desapercibida nas dúas beiras da "raia", tanto se se trata de falar de macroproxectos comúns, como o frecuentemente aludido Centro Tecnolóxico Europeo do Automóbil, como da noticia do parque empresarial de catro mil metros cadrados que Chaves planificaba construír a tan só seis quilómetros da fronteira con Verín, en Outeiro Seco³⁰. Isto último, coa intención de aglutinar non só a industrias, senón tamén a bancos e comercios, e de converterse "nunha importante plataforma empresarial no Norte de Portugal, tanto pola capacidade para atraer empre-

26. *La Región*, 12 de maio do 2002.

27. *La Región*, 13 de agosto do 2002.

28. *La Región*, 6 de xullo do 2001, p. 16.

29. *La Región*, 15 de agosto do 2001, suplemento especial.

30. *La Región*, 7 de agosto do 2001.

sarios do noso país como de Galicia", tal e como sinalou o presidente da Cámara de Chaves, Altamiro Claro, e de "atraer empresarios españois", segundo indicaba o administrador da empresa promotora.

Así mesmo, a importancia da hostalaría e o turismo nas proximidades do país veciño é materia tan recorrente como salientábel por parte de *La Región*, dedicándolle suplementos monográficos especiais, nos que, por exemplo, se fai referencia ao balneario das Caldas, en Chaves, como "un moderno balneario que dispón de instalacións de diagnóstico, salas de gimnasia médica, piscinas individuais, equipamento para baños carbonosos y salas de fisioterapia y masaje"³¹, entre outros servizos ofrecidos nestas augas termais "compuestas por un gran número de minerales, lo que las convierte en únicas", remata a información.

E relacionado co turismo, no caso de *La Región* con frecuencia faise referencia, coincidindo coa época estival, á "avalancha de emigrantes y visitantes que cruzan la frontera"³², facendo alusións mesmo á chamada "Operación Benvida" organizada pola Región de Turismo do Alto Támega, na fronteira con Verín, en Vilaverde da Raia, que, arroupada por membros da Guardia Nacional Republicana, situados fronte ás vellas casetas da aduana, tiña como propósito entregarlles botellas de auga, mapas e folletos turísticos aos viaxeiros que cruzan pola "raia".

Unha operación que se repite cada verán e na que participan emigrantes portugueses que retornan ao país veciño, a maior parte deles procedentes de Francia, Alemaña e Suíza, ademais dos turistas, boa parte deles españois, que deciden achegarse até Portugal nesta época.

Así o corroboran as informacións que aluden ao feito de que "más de tres mil vehículos, la mayor parte de ellos ocupados por emigrantes portugueses en Francia y Suiza, cruzaron la frontera de Feces"³³.

31. *La Región*, 15 de agosto do 2001, suplemento especial.

32. *La Región*, 15 de xullo do 2001, p. 20.

33. *La Región*, 29 de xullo do 2001, p. 3.

Neste senso, tamén se fixo referencia, durante o pasado ano, ao feito de que os ourensáns que escollián Portugal como destino turístico dubidaban en incorporar o distintivo do país de orixe ás matrículas dos seus vehículos, indicando que ante o temor a ser multados compraban o "E", e detíñanse nos puntos fronteirizos para facerse co adhesivo, pois ignoraban que o Código de Estradas de Portugal non incluía esta obrigatoriedade³⁴. Así, *La Región* informaba no seu titular que "los coches españoles con matrículas antiguas no necesitan la E para circular por Portugal".

E tamén pode observarse a importancia das comunicacións e o comercio nas dúas beiras da "raia" nunha noticia sobre a manifestación convocada por veciños de Vilardevós, cortando o tráfico na rotonda do enlace coa autovía en Verín e a estrada de Portugal, coincidindo cun día de mercado, e na que os manifestantes ameazaron con facer un boicot comercial ao comercio local, deixando de comprar na vila ourensá.

"No municipio (de Vilardevós) somos unhas tres mil persoas, e agora, durante o verán, a cifra dobrouse (...) e todos os veciños estamos dispostos a comprar en Chaves". Mais "non imos deixar un peso en Verín", remataban os veciños, como xeito de protesta e presión polo, ao seu xuízo, pésimo estado das comunicacións por estrada coa vila verinesa³⁵.

A actualidade común aos dous países tamén foi recollida, no caso portugués, polos dous xornais galegos, en aspectos como o mal das "vacas tolas", facendo referencia incluso a aspectos anecdóticos, como o da propiedade dunha explotación da comarca portuguesa de Morgade, a seis quilómetros da "raia", que, coa reivindicación de que todas as súas reses fosen saneadas, aseguraba estar disposta, incluso, "a levar os animais a pasear por Chaves"³⁶.

E, como non, falando de actualidade, no repaso da actualidade xornalística do pasado ano, a mención do lutuoso suceso da ruptura da ponte en Castelo de Paiva, a uns corenta quilómetros de

34. *La Región*, 26 de xuño do 2001, p. 3.

35. *La Región*, 8 de agosto do 2001, p. 7.

36. *La Región*, 23 de agosto do 2001.

Porto, non só é obrigatoria, senón que serviu como imaxe representativa da boa comunicación informativa existente no espazo luso-galego, fronte ao posíbel mal estado dalgunha das comunicacións físicas entre ambos os países, como foi o caso da ponte rachada.

Así, as pontes informativas tendidas até o de agora por *La Región* e *Atlántico* co país veciño non só se cinguiron ao suceso ocorrido en Paiva e descrito por Antonio Rodríguez, o correspondente enviado por ambos os xornais para cubrir esta desgraciada noticia³⁷, senón que ao longo do pasado ano dende *La Región* tamén se fixo referencia a outras pontes, asolagadas polas subas dos ríos, debido ao forte temporal que polas mesmas datas afectou a Galicia.

Neste senso, dende *La Región* tamén se fixo referencia, por exemplo, ás subas do río Mente, indicando que "dos carreteras de frecuente uso en la franja fronteriza Ourense-Portugal han quedado cortadas al desmoronarse sendos puentes"³⁸, e mesmo, con posterioridade, á nova ponte construída na fronteira entre Feces de Cima (Verín) e Lama Darcos (Chaves), seguindo a "idea de que los portugueses no tengan necesidad de ir por la frontera y puedan acceder a Verín a través de otros pueblos del municipio" ourensano, "y cruzar al otro lado sin meter los pies en el río Pequeño para trabajar las tierras", posto que os portugueses posúen leiras en Feces de Cima e á inversa.

b) O finado proxecto do xornal *Arco Atlántico*

Arco Atlántico naceu ante a crenza nun espazo común para a comunicación e tendo en conta que, segundo o Censo Español de Residentes Ausentes (CERA), a metade dos españois residentes en Portugal son galegos, aos que hai que engadirilles uns, aproximadamente, doce mil portugueses residentes en Galicia. En total, estamos a falar dun espazo de intercambio habitual entre quince mil persoas, aínda que habería que referirse a seis millóns de lectores potenciais repartidos entre dezasete cidades, de aí a iniciativa do grupo *La Región* de sacar cada venres ao mercado unha publi-

37. Publicada en *La Región* e *Atlántico*, 6 de marzo do 2001 e datas sucesivas.

38. *La Región*, 8 de marzo do 2001, p. 4.

cación semanal con seis mil exemplares de tiraxe e distribuída en toda a costa atlántica e o norte de Portugal.

Un proxecto feito realidade no ano 92 por iniciativa do citado grupo que contacta cos entón presidentes do Forum Portucalense e da Asociación Industrial de Braga, co obxecto de constituír unha sociedade luso-galaica de comunicación, partindo dun capital social de algo máis de noventa mil euros (quince millóns de pesetas, concretamente), cunha maioría de capital portugués. A sinatura do documento fundacional realizouse a finais de 1991 nun acto que contou coa presenza do presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, e o presidente da Comisión de Cordinación da Região Norte de Portugal, Luis Braga da Cruz. O mesmo día da sinatura do protocolo, Fraga asinaba a constitución da Comunidade de Trábalo Galiza-Norte de Portugal³⁹.

No seu número cero⁴⁰, *Arco Atlántico* indicaba en portada que "Nace un semanario bilingüe para a Galiza e Norte de Portugal: será apresentado hoje em Santiago de Compostela e amanhã no Porto, en dois actos sociais". Seguidamente, explicaba a súa idea de "levar para a frente o projecto dun semanario cuja missão principal sería aproximar un pouco mais as dúas regiões irmás, respectando o carácter próprio das suas gentes, os seus costumes e folclore, separadas por largos anos de historia". Unha "innovadora experiencia pretende acompañar o crescente desenvolvemento das relacións económicas, sociais, culturais e políticas entre a Galiza e o Norte de Portugal, pelo que se decidiu que tenha um carácter bilingüe", remataba a información, combinando castelán e galego no texto da noticia.

No manchete do semanario figuraba o doutor ourensán Antonio Villar como presidente do Consello de Administración da sociedade, o actual director de *La Región*, Alfonso Sánchez Izquierdo, como director xeral e conselleiro delegado, e o verinés Feliciano

39. Aos poucos meses celebraríase tamén a Asemblea Constituínte do Eixo Atlántico, outra das coincidencias e oportunidades estratéxicas buscadas polos responsábeis do proxecto editorial.

40. En Arquivo Histórico de La Región: 8 de xullo de 1992.

Romero como director. No equipo directivo do xornal tan só figuraba un portugués, António Santos como conselleiro.

A redacción do semanario estaba formada por tres persoas, unha delas en Porto, e un fotógrafo, á parte dunha batería de colaboradores. En Portugal, a Redacción, Administración e Publicidade de *Arco Atlántico* fixouse no número 73 da rúa Alexandre Herculano, en Porto.

A intención era aproveitar os recursos propios que ofrecía o grupo *La Región* (entón composto polo xornal *La Región*, en Ourense, *Atlántico Diario*, en Vigo, e a Axencia Galega de Noticias, AGN, en Santiago de Compostela), tanto no que se refire a delegacións, maquetación, deseño, impresión e resto de activos.

O semanario ofrecía unha división en seccións, comezando pola de "Firmas", galegas e portuguesas, seguida, por orde⁴¹, das seguintes: "Actual", "Norte", "A Galiza", "Mar" e "Economía". Seguidamente, había unha páxina completa sobre a "Bolsa de Valores de Porto", un suplemento habitual sobre "Vida Social", para continuar coas seccións de "Deportes" e "Empresas", e rematar cos "Breves" (anuncios, a maioría deles sobre inmobiliarias), "Jogos" e a "Axenda" de servizos.

Ao longo dos seus corenta e nove números na rúa, *Arco Atlántico* abordou múltiples temas de interese común para Galicia e o Norte de Portugal, como foi a publicación dun suplemento especial sobre a sinatura, un ano antes, dun convenio de cooperación entre as tres universidades galegas coas de Porto, Minho, Tras os Montes, Alto Douro e a Universidade Católica Portuguesa⁴²; o acto do primeiro encontro empresarial "Arco Atlántico", auspiciado polo grupo editorial e con participación de destacados membros do Goberno galego; a supresión das aduanas ou a inauguración da nova ponte internacional entre Tui e Valença, que substituiría a construída, un século antes, por Eiffel; aproveitando o mesmo número para facerse eco do proxecto de construción de dúas novas

41. Orde que ao longo da súa existencia sufriu algunhas variacións e novas incorporacións, como foi a sección de Cultura.

42. Arquivo Histórico de La Región: 12 de marzo de 1993.

pontes e unha "autopista de 700 kilómetros que unirá Evora y Tui"⁴³.

Mesmo no seu derradeiro número, que saíu á rúa o 30 de xullo de 1993, *Arco Atlántico* dedicáballe ampla cobertura, con ocasión da celebración, o 25 de xullo, do Día de Galicia, á entrega da medalla de ouro de Galicia ao presidente da República, Mario Soares.

Algunhas das razóns do fracaso deste proxecto⁴⁴, citadas polo seu propio director xeral, Alfonso Sánchez Izquierdo, foron que *Arco Atlántico* naceu antes de tempo, pois daquela apenas existía concepto nin conciencia da Eurorrexión, ademais da falta de argumentos informativos que daquela existían entre ambas as zonas transfronteirizas, á parte dos graves problemas societarios ocorridos: visións empresariais diferentes, distinto enfoque informativo e publicitario, distinta estrutura organizativa e laboral, mala avaliación dos recursos económicos e humanos necesarios, escaseza de inxección de capital e dificultades na súa implantación e comercialización.

O grupo atopouse tamén con problemas de coordinación entre distintas redaccións dedicadas a distintas tarefas, á parte da edición e administración de *Arco Atlántico*, asumindo un proxecto que non gozaba de entidade propia nin independente, como consecuencia da escaseza de medios con que se dotou inicialmente.

Tamén houbo moitos problemas na venda dun produto xornalístico que en Portugal se ofrece, habitualmente, de forma gratuíta, e problemas na súa distribución a través da aduana, pola asimetría legal existente nos xiros postais entre España e Portugal. A isto houbo que engadirlle as dificultades co idioma, pois requiríase un soporte trilingüe (galego, español e portugués), atendendo ás demandas do mercado e mesmo dos distintos organismos e administracións implicadas, o que provocou a duplicación de contidos e o conseguinte atraso na súa xestión.

43. *Idem*: 23 de xullo de 1993.

44. Citadas polo propio director xeral, Alfonso Sánchez Izquierdo.

3 CONCLUSIÓNS

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ensaiou algúns proxectos compartidos que, até o de agora, non lograron consolidarse, do mesmo xeito que aconteceu cos distintos ensaios transfronteirizos realizados en ambas as beiras dos Pireneos, a través da Asociación de Medios Interperinaicos e a edición de xornais como *Diari dels Pirineus*, *Pirineus Setmanal* ou *El Mundo de los Pirineos*. A dimensión de ambos os feitos sociolóxicos non se corresponde coa dimensión dos distintos proxectos empresarias emprendidos no ámbito da comunicación escrita.

Non obstante, aínda que empresarialmente non foi posíbel canalizar mediante cabeceiras autónomas o fluxo de comunicación existente entre Galicia e o Norte de Portugal, é evidente que este espazo compartido non só existe⁴⁵, senón que se ampliou e fortaleceu nos últimos anos con novos lazos e intercambios derivados, en boa medida, da supresión das nosas fronteiras e a progresiva implantación e mesmo concienciación sobre a idea dunha Europa comunitaria, que xa é unha realidade.

Entre nós, galegos e portugueses, xa non existen unha ducia de fronteiras nin requisitos nas aduanas no repartimento das publicacións e a lexislación transformouse en común, amparada no feito da libre circulación. Ademais, dispoñemos de novas tecnoloxías, capaces de salvar calquera distancia física ou informativa.

Ao mesmo tempo, acontece que institucións coma a constitución dun grupo de traballo entre Galicia e o Norte de Portugal ou o Eixo Atlántico están moito máis asentadas e, ademais, xurdiron outras novas como resultado, tamén, da maior implicación dos respectivos gobernos e da apertura de múltiples instrumentos e programas de cooperación comunitaria.

Nos escasos cincuenta quilómetros de fronteira establecida polo río Miño entre Galicia e Portugal residen tantos habitantes coma no resto do territorio transfronteirizo entre Portugal e

45. Máis dun centenar de empresarios galegos residen na actualidade en Portugal, á parte dos datos de poboación do CERA xa comentados e das múltiples informacións referidas.

España, concretamente até Ayamonte, na provincia de Huelva. Cincuenta quilómetros sen unha ponte de comunicación impresa, compartida e de unión con Portugal, que en cambio si que tendeu a prensa de Madrid, dende máis lonxe. Así, para superar cincuenta quilómetros de distancia, temos que percorrer cincocentos. Entre Galicia e Portugal, Eiffel superou a Gutemberg, sen dúbida.